

COIDADADO, O MACHISMO MATA


Dámoslle a volta?



ALGÚNS DATOS SOBRE AS VIOLENCIAS MACHISTAS

58

MULLERES ASASINADAS
EN ESPAÑA EN 2023



39

CONVIVÍAN
CO SEU
AGRESOR

76%

TIÑA ENTRE
20-50 ANOS

58

NENOS E NENAS
FICARON ORFOS
DE NAI



NO 24,1% DOS CASOS CONSTABA
DENUNCIA PREVIA

1244

VÍTIMAS MORTAIS DE
VIOLENCIA DE XÉNERO
2003-2023

EN ESPAÑA DENÚNCIANSE

8 VIOLACIÓNS
AO DÍA

IMAXINA CANTAS
ACONTECEN E NON
SE DENUNCIAN



Segundo a Fiscalía, a porcentaxe de denuncias falsas sobre o total de denuncias de violencia de xénero en 2022 foi tan só:

0,01%

Fonte dos datos:

<https://violenciagenesio.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/victimasmortales/>
https://www.fiscal.es/memorias/memoria2023/FISCALIA_SITE/recursos/pdf/MIEMFIS23.pdf

90%

das VÍTIMAS de
delitos contra a
liberdade sexual
SON MULLERES
E NENAS

Que imos traballar?

- 1. Que é o machismo**
- 2. Que son os roles de xénero**
- 3. Que facer ante o machismo?**
- 4. Que son as violencias machistas:**
 - 4.1. Violencia de xénero**
 - 4.2. Violencia sexual**
- 5. Un mundo en igualdade: dámoslle a volta?**

**CONTRA AS
VIOLENCIAS,
EDUCACIÓN**

1. Que é o machismo

O machismo é un sistema de crenzas e de prexuizos que considera os homes como superiores ás mulleres

SON HOME
E SON
FEMINISTA



2. Roles de xénero

O **xénero** é a construción social que facemos a través da cultura. Nacemos bebés e a sociedade ensínanos a ser nenos ou nenas..., por exemplo, con xogos diferentes, xoguetes diferentes, actividades diferentes, estudos diferentes...

Actividade de aula: pon exemplos de cousas que nos ensinan a ser diferentes



2. Roles de xénero

Actividade de aula: agora teremos un debate sobre esta campaña, sobre se aínda é necesaria ou xa os xoguetes superaron ser de nenas ou de nenos



[https://youtu.be/v2gCA9UhpYY?
si=ujuw1sq-MyueyqNQ](https://youtu.be/v2gCA9UhpYY?si=ujuw1sq-MyueyqNQ)

**SON LIBRE
DE DECIDIR
SOBRE A
MIÑA VIDA**

2. Roles de xénero

Actividade de aula:

- Que opinas sobre estouta campaña?
- Que relación ten coa anterior?
- Cres que as profesións están divididas por nesgos sexistas?



3. Que facer ante o machismo?

Como é unha forma de pensar moi antiga temos que cambiar as ideas sexistas

Para eliminar o machismo hai que poñer en práctica o principio da **IGUALDADE**. Non só a idea de que todas e todos somos iguais, tamén nas cousas que facemos todos os días temos que demostralo.



**FRONTE ÁS
VIOLENCIAS
MACHISTAS:
IGUALDADE**

3. Que facer ante o machismo?

Aínda se manteñen comportamentos sexistas que están asentados na vella idea que que os homes teñen autoridade sobre as mulleres. Producen comportamentos de control e dominio naturalizados, que executan impunemente, con o sen conciencia de facelo.

Ás veces a isto chámase **micromachismo**

Actividade: comenta os seguintes videos

- <https://youtu.be/xHFMWTC7ow8?si=W0RzanDGnPyUSQ04>
- <https://youtu.be/SAwToc1Q0B4?si=3XM0Dv4AJopB6eSd>



3. Que facer ante o machismo?


Para mudar temos que ser conscientes de que o machismo e os micromachismos están moi presente na vida cotiá:

Música, series, típicas bromas

Actividade de aula:

Visualiza este vídeo e comenta que opinades sobre os micromachismos na música


<https://youtu.be/SAwToc1Q0B4?si=pphdKXz5u-yKVznA>



NEGAR A
VIOLENCIA
DE XÉNERO
TAMÉN É
VIOLENCIA

4. Que son as violencias machistas?

Ás veces
a violencia
machista
non é fácil
de recoñecer...



RECOÑECER,
ACTUAR E
RESTAURAR

**Por iso trataremos de recoñecer dous tipos
para poder actuar e restaurar:**

Violencia de xénero

Violencia sexual



1º Recoñecer a violencia de xénero

A violencia de xénero é:

calquera acto ou agresión, baseado nunha situación de desigualdade, que teña ou poida ter como consecuencia dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos, tanto no ámbito público como na vida familiar ou privada.

A violencia non xorde de forma repentina nin é un mal momento, senón que forma parte dun proceso gradual que vai subindo en intensidade.

**O CONTROL
TAMÉN É
VIOLENCIA**

1º Recoñecer a violencia de xénero

Certas condutas de dominio, xeralmente repetidas no tempo, son sinais claros (red flags) dunha relación tóxica e implican:

- Control psicolóxico
- Illamento
- Desvalorización
- Control das redes sociais
- Control económico



1º Recoñecer a violencia sexual

A violencia sexual é

calquera conduta ou comportamento que atente contra a liberdade sexual, é dicir, o libre dereito de decidir que facer ou non facer co teu corpo.

Por iso o consentimento é primordial á hora de manter ou non relacións con alguén e de realizar ou non determinadas prácticas sexuais, así como de botarte atrás e parar se decides que non che apetece seguir.

Mentres non consintas, segue sendo **NON**.



SI É SI,
NON É NON

2º Actuar se es vítima de violencia de xénero

1. PONTE A SALVO

Afástate do agresor todo o que poidas e busca axuda.

2. DENUNCIA

Para que a xustiza poida actuar é necesario que presentes unha denuncia.
Para facelo podes acudir ante:

2.1. AS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO

Isto é, diante da Policía Nacional, Policía Local e Garda Civil,

2.2. NO XULGADO

Ben sexa ao xulgado de garda ou ao xulgado especializado en violencia sobre a muller. podes asesorarte e buscar apoio nos CIM e nas oficinas de asistencia ás vítimas que están nos xulgados.



2º Actuar se es vítima de violencia sexual

EU CRÉOTE

1. PONTE A SALVO

Afástate do agresor todo o que poidas e busca axuda.

2. PRESERVA AS PROBAS

É **moi importante** preservar as probas que poidas ter e por iso: Acude canto antes presentar a denuncia. Non laves nin o propio corpo nin a roupa, para que se poidan extraer posibles restos biolóxicos como seme, saliva, células epiteliais...

Se sufriches unha agresión física, é mellor que acudas antes os servizos médicos para que te examinen e estendan un parte de lesións.

Se espertas e non recordas o que che pasou, pero tes indicios de que sufriches unha agresión sexual é probable que foses vítima dunha agresión por submisión química. Recorda que non debes lavar nin o teu corpo nin a túa roupa. O mellor é que presentes a denuncia canto antes, para que as forzas e corpos de seguridade poidan intervir as gravacións das cámaras dos locais antes de que se borren e tamén buscar testemuñas dos feitos.

2º Actuar se es vítima de violencia sexual

3. PIDE APOIO: Centro de crise

VIGO	Hospital Álvaro Cunqueiro
Enderezo:	Rúa Clara Campoamor 341, 36312, Vigo (Pontevedra)
Localización:	https://maps.app.goo.gl/PGuSEMzoGhg3YMhM6
Transporte:	Urbano: H, H1, H2, H3, L6, L12B, L18H, L27

XUNTA DE GALICIA

Centros de crise 24 horas

Localización e formas de contacto



FERROL
Hospital Novoa Santos (Estrada de Catabois 730, C.P. 15405, Ferrol, A Coruña)
centrodecrise.ferrol@xunta.gal
Teléfono: 981 336 791

SANTIAGO
Complejo Hospitalario Gil Casares (Rúa da Choupana, s/n, C.P. 15706, Santiago de Compostela, A Coruña)
centrodecrise.santiago@xunta.gal
Teléfono: 981 955 976

VIGO
Hospital Álvaro Cunqueiro (Rúa Clara Campoamor, 341, C.P. 36312, Vigo, Pontevedra)
centrodecrise.vigo@xunta.gal
Teléfono: 986 217 931

LUGO
Hospital Universitario Lucus Augusti (Rúa Dr. Ulises Romero 1, C.P. 27003, Lugo)
centrodecrise.lugo@xunta.gal
Teléfono: 982 296 761

OURENSE
Punto de Atención Continuada (PAC)- Centro de Especialidades (Rúa do Concello 13, C.P. 32003, Ourense)
centrodecrise.ourense@xunta.gal
Teléfono: 988 388 561

4. PRESENTA UNHA DENUNCIA

Para que a xustiza poida actuar, é necesario que presentes unha denuncia, polo que deberás acudir ante os corpos e forzas de seguridade ou ante o xulgado de garda.

3º Restaurar se o necesitas

Aquí tes unha guía para descargar cos todos os recursos que existen en Galiza



NON ESTÁS
SOA

1) REDE GALEGA DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER)

Relación de centros en:

<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/centros-de-informacion-Mulleres>

Tamén podes contactar a través dos teléfonos 981 957 691 e 981 545 351

2) OFICINA DE ASISTENCIA ÁS VÍTIMAS DO DELITO (OAVD)

- ▶ A Coruña: 881 881 778 / ciudadan.vitimas.coruna@xustiza.gal
- ▶ Santiago de Compostela: 881 997 146 / atencion.vitimas.santiago@xustiza.gal
- ▶ Ferrol: 981 337 520 / atencion.vitimas.ferrol@xustiza.gal
- ▶ Lugo: 982 889 530 / atencion.vitimas.lugo@xustiza.gal
- ▶ Ourense: 988 687 664 / atencion.vitimas.ourense@xustiza.gal
- ▶ Pontevedra: 986 805 790 / atencion.vitimas.pontevedra@xustiza.gal
- ▶ Vigo: 886 218 438 / atencion.vitimas.vigo@xustiza.gal

3) PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO
629 777 595 / papmvx@cop.es

4) SERVICIOS DE ORIENTACIÓN XURÍDICA (SOX) DOS COLEXIOS DE ABOGADOS/AS
Asistencia xurídica gratuíta a través da quenda especializada en violencia de xénero.

- ▶ A Coruña: 981 126 090
- ▶ Santiago de Compostela: 981 581 713
- ▶ Ferrol: 981 354 705
- ▶ Lugo: 982 221 997
- ▶ Ourense: 988 370 746
- ▶ Pontevedra: 986 899 866
- ▶ Vigo: 986 208 111

5) SERVIZO DE ASESORAMENTO XURÍDICO EN LIÑA DA XUNTA DE GALICIA
<http://igualdade.xunta.gal/gl/content/asesoramento-xuridico-line>

6) CENTRO DE RECUPERACIÓN INTEGRAL PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

881 995 285 / cri.igualdade@xunta.es

<https://conseilodacultura.gal/publicacion.php?id=4505>

5. Un mundo en igualdade: dámoslle a volta?

Que propos ti?

Que propoñedes vós?

FRONTE ÁS
VIOLENCIAS
MACHISTAS:
IGUALDADE

5. Un mundo en igualdade: dámoslle a volta?

ESPAZO
LIBRE DE
VIOLENCIAS
MACHISTAS

Agora imos pensar como sería ese
espazo libre de violencia, ese mundo
sen machismo....

Despois o escribiremos nunha frase ou
lema para compartir con toda a nosa
comunidade educativa no taboeiro de
Igualdade e Diversidade

Démoslle a volta!!!

NON SEREI
CÓMPLICE

